

Universidade de Vigo

Área de Benestar, Saúde e Deporte

2016/17

COPA FAIR PLAY

Inscripcións

1 ao 28 febreiro

Solo fases por campus

10 marzo ao 6 abril

REGULAMENTO XERAL

1. Participación.

Poderán tomar parte neste torneo todos os equipos inscritos en prazo nas liga universitarias e, que ademais, manifesten a súa intención de tomar parte neste torneo dentro dos prazos e procedementos que se estipulen.

Para fomentar a participación, **nos Campus de Pontevedra e Ourense admitiranse equipos de nova creación**. No campus de Vigo debido o número de inscricións, todos os equipos deberán ter tomado parte na competición de liga.

Os equipos expulsados regulamentariamente das súas competicións de liga universitaria, non poderán participar no torneo de copa fair play.

Os equipos deberán estar formados polos mesmos xogadores dos que se compuñan na liga universitaria correspondente.

Aos efectos de altas, baixas, aprazamentos, faltas e sancións, acreditacións, tempos de xogo e normas particulares ou calquera outro aspecto non reflectido neste apartado, manterase as normas imperantes no regulamento das ligas universitarias.

2. Modalidades e estrutura da competición.

Corresponde a Área de Benestar, Saúde e Deporte a organización do campionato e da infraestrutura necesaria para o seu desenvolvemento (instalacións, árbitros, material deportivo, etc).

A estrutura da competición será polo sistema de copa, e dicir, enfrontamentos directos a un partido e pasa o equipo gañador. No caso de haber poucos equipos, nalgunhas modalidades pode darse o caso que se faga por liguilla.

3. Bases xerais da competición.

Será necesario un número mínimo de equipos inscritos en cada modalidade deportiva para que se leve a cabo a competición.

- **Inscrición:** 1 ao 28 de febreiro
- **Procedemento de inscrición:**

O delegado deberá marcar o check de “Xogar Copa” na ficha do equipo que se atopa na aplicación web de xestión das competicións internas da Universidade de Vigo: <https://deporxest.uvigo.es> (apartado “A Miña Conta/Histórico/Ligas”)

- **Lista de equipos inscritos na web:** 2 de marzo.
- **Prazo de recurso:** 3 de marzo ata as 14:00 h.
- **Calendarios:** 6-7 de marzo.

3.1 Número de xogadores/as.

Modalidade	Categoría	Máximo compoñentes	Mínimo compoñentes
Baloncesto	Mixto	12	7
Balonmán	Mixto	14	10
Fútbol 7	Mixto	16	10
Fútbol Sala	Masculino + Feminino	12	10
Voleibol	Mixto (*)	12	10
Rugby 7	Masculino + Feminino	12	10

(*) En voleibol será obrigatorio ter sempre 2 rapazas no campo.

3.2. O delegado/a.

Cada equipo deberá inscribir un delegado/a que desenvolva as funcións que a continuación se detallan:

- 1.- Representará o equipo ante os diferentes comités.
- 2.- Responsabilizarase de recoller e difundir a información relativa ás normas e bases da competición, así como os calendarios de xogo, solicitando os mesmos ao Servizo de Deportes nos prazos estipulados e informando aos membros do seu equipo.
- 3.- Responsabilizarase do material que se utilice nos encontros, así como da devolución do mesmo nos prazos establecidos.

3.3. Regulamento de cada modalidade.

O regulamento que rexerá a competición será o Regulamento das Ligas Universitarias. No referente ao regulamento técnico, cada modalidade deportiva rexerá polo regulamento de competición establecido polas federacións correspondentes.

3.3.1. Modalidades masculinas, femininas e mixtas.

Nas modalidades mixtas os equipos poderán estar formados, indistintamente por mulleres e homes, sen distinción de número, excepto na modalidade de voleibol mixto que, obrigatoriamente, terá que haber sempre 2 mulleres no campo.

Nas modalidades de fútbol sala e rugby haberá competición masculina e competición feminina.

3.4. Puntuación por xogo limpo

Fútbol Sala e Fútbol 7

En todos os partidos que se celebren sumaranse goles directamente no marcador do equipo contrario, por condutas antideportivas segundo o baremo seguinte:

5 ou máis tarxetas amarelas	+ 1 gol
Cartón vermello directa (excepto dobre amarela ou cortar coa man ocasión manifesta de gol)	+ 1 gol
Por condutas antideportivas graves recollidas no acta, ou informe arbitral	+ 2 goles

Baloncesto.

Nesta fase asignaráselle puntos no marcador do encontro ao equipo contrario, por condutas antideportivas graves segundo o seguinte baremo:

A partir da 5ª falta	+ 1 punto (por cada falta cometida)
Técnica por conducta antideportiva	+ 2 puntos
Técnica descalificante	+ 3 puntos

3.5. Duración dos partidos.

Modalidade	Categoría	Duración
Baloncesto	Mixto	4 partes de 10´ corridos (agás os 3 últimos minutos do último cuarto)
Balonmán	Mixto	2 partes de 20´ corridos cada período.
Fútbol 7	Mixto	2 partes de 30´ minutos (cambios volantes con permiso arbitral)
Fútbol Sala	Masc. + Fem	2 partes de 20´ corridos cada período.
Rugbi 7	Masc. + Fem	2 partes de 7´ corridos cada período.
Voleibol	Mixto	Ao mellor de 3 sets de 25 tantos.

(*) En voleibol será obrigatorio ter sempre 2 rapazas no campo.

3.6. Regulamento disciplinario.

No referente ao regulamento disciplinario será de aplicación a normativa vixente para as ligas universitarias.

3.7. Casos de empate.

Modalidade	Resolución en caso de empate
Baloncesto	O primeiro criterio de desempate será a “deportividade”, tendo en conta as condutas antideportivas sancionadas a cada equipo no encontro segundo a seguinte orde: - menor número de técnicas descalificantes; - menor número de técnicas por condutas antideportivas; - menor número de descalificacións por cinco faltas; - menor número de persoais por equipos. De manterse a igualdade prórroga de 3 min. reloxo corrido ata decidir o gañador.
Balonmán	Quenda de 5 penaltis. Sistema de morte súbita se persiste o empate.
Fútbol 7	O primeiro criterio de desempate será a “Deportividade”, tendo en conta as condutas antideportivas sancionadas a cada equipo no encontro segundo a seguinte orde: - menor número de tarxetas vermellas directas; - menor número de tarxetas amarelas. Se persiste o empate quenda de 3 penaltis e sistema de morte súbita.
Fútbol sala	O primeiro criterio de desempate será a “Deportividade”, tendo en conta as condutas antideportivas sancionadas a cada equipo no encontro segundo a seguinte orde: - menor número de tarxetas vermellas directas; - menor número de tarxetas amarelas; - menor número de faltas acumulativas. Quenda de 3 penaltis. E sistema de morte súbita se persiste o empate.
Rugbi 7	Enfrontamento directo. De persistir, maior número de ensaios global.
Voleibol	Decídese no último set gañando de 2 puntos de diferenza.

* No caso de empate na clasificación final seguiranse as normas do Regulamento das Ligas Universitarias.

3.8.- Normas finais e complementarias.

A inscrición na Copa Fair Play supón aceptar e acatar as normas e bases da competición.

19 de xaneiro de 2017

